

Exercicio:

Para decatarnos do que pasa...

Propón ás persoas adultas da túa contorna unha excursión ao aire libre. Podedes ir á montaña, ao río, á praia, etc. Leva bolsas e luvas para recoller os refugallos que atopedes e un caderno para anotalo todo.

Cantos refugallos recolliches?

Cal é o material que máis atopaches?



Primaria

Creando Rural

ESCOLA EU RURAL


Unidade

4

A protección do medio ambiente

www.creandorural.org

Investigación



Clima

+



+

Traballo

+ Saúde



o

Cultivo

+



Paisaxes



o



o

Tecnoloxía

+



+

Animais

A protección do medio ambiente



É a contorna ou a natureza que nos rodea e inclúe os factores bióticos (plantas, animais e outros seres vivos), os factores abióticos (auga, aire, chan e obxectos como pedras, etc.) e as relacións que existen entre todos eles.

Que é o medio ambiente?

Que son os recursos naturais?

Os recursos son todas aquelas **cousas do medio ambiente que empregamos para producir bens**. Por exemplo:

- Empregamos **auga** para regar os campos e producir verduras e hortalizas.
- Empregamos **os viñedos (un cultivo)** para facer viño.
- Empregamos **árbores** para facer papel.
- Empregamos **minerais e rochas (o granito)** para facer casas.

Está o medio ambiente contaminado?

Todas as cousas que empregamos no noso día a día teñen o seu orixe na natureza.

Os libros da escola fanse con papel, que provén dos árbores; os peluches fanse con algodón, que provén da agricultura; os xoguetes están feitos de plástico, un material que vén do fondo da terra.

As fábricas que producen todos estes obxectos soltan fumes e outras substancias ao aire e á auga durante os procesos de fabricación. O problema é que ás veces o nivel de produción das fábricas é moi grande e pódese contaminar o territorio: a terra, os cursos de auga e a atmosfera.

Tamén os nosos actos poden ser pouco respectuosos e, ás veces, facemos as cousas mal sen darnos conta: malgastar auga, enerxía, producir demasiado lixo ou non separalo da forma correcta.

O importante é coñecer o problema, **detectar cales poden ser as fontes de contaminación e tratar de reducilas**.



Dende a nosa casa podemos facer moitas cousas para axudar a coidar do medio ambiente!



Que podo facer eu?

- Manter a billa pechada mentres lavamos os dentes, as mans ou os pratos para **aforrar auga**.
- Apagar a televisión ou o ordenador mentres non o utilizamos, para **aforrar enerxía**.
- Nunca tirar as pilas no lixo normal, as pilas contaminan moitísimo. Emprega **pilas ou baterías recargables** que se poden usar varias veces e polo tanto contaminan menos.
- Tratar de **separar correctamente o lixo e os desperdicios** nos colectores adecuados.
- Cando vaias a facer a compra, acórdete de **levar a túa propia bolsa**.
- Intentar mercar produtos que veñan con **poucos envoltorios**. Cantos menos envoltorios, menos refugallos!